



ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA VINTESETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D<sup>a</sup>.María Isabel Rodríguez López( PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro( PSde G-PSOE

D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar( PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D<sup>a</sup>.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)

D<sup>a</sup>. Cándida Mendez Salgado (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

SECRETARIA ACCIDENTAL

D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D.Sergio Aguado Delicado

EXCUSAN

D. Cesar Aja Mariño, Concelleiro do PP.

D. Jaime Eduardo de Olano Vela, Concelleiro do PP.

D<sup>a</sup>.Olaia Casas Chaves, Concelleira do (BNG)

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as catorce horas, do día vinte e sete de febreiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada previa comprobación pola Sr<sup>a</sup>.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración da sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 20 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento do único asunto contido na Orde do Día.

1<sup>o</sup>.-PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE A LEI 27/2013, de 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACION E SOSTENIBILIDADE DE ADMINISTRACION LOCAL.

Pola Sra.Alcaldesa, Dona María Loureiro García dase conta de que o pasado 27 de decembro, aprobouse polo Congreso dos Deputados, A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, publicada no BOE nº 312, de 3º de decembro, despois de un longo proceso que inclúe a elaboración de varios anteproxectos e una longa e complexa tramitación parlamentaria. Esta Lei afecta o réxime competencial dos municipios, e o partido socialista, e a maioría dos partidos da oposición con representación parlamentaria, acordan sumar as súas forzas cos concellos para acudir ao Tribunal Constitucional coa finalidade de que paralice a Lei de Racionalización e Sostenibilidade de Administración Local e que o Goberno do Partido Popular aproboú a golpe de maioría absoluta.



O que se vai plantexar é un Conflicto contra a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local en defensa da autonomía local. Esta é unha primeira vez que se fai con mais de 3.500 concellos de toda España, que representan a mais de quince millóns (15) de cidadáns, o cal supera a esixencia da Lei, xa que os municipios que o plantexan supoñen alomenos un sétimo dos existentes e representan máis dun sexto da poboación oficial.

Dí que o motivo deste Conflicto en defensa da autonomía local é que a Lei produce minoración das competencias municipais. Dí tamén que esta lei abre o camiño de desaparición dos servizos sociais e de sanidade, e as competencias en materia de defensa dos consumidores e usuarios e establece mecanismos de tutela, condicionamento que sitúa a Administración Local en posicións de subordinación. Dí tamén que esta Lei ataca e dana a raíz do Goberno municipal, e outros aspectos tamén modificados coma: ás medidas de control económico-presupuestario.

Continúa dicindo que é preciso levar a cabo a adopción dun acordo Plenario, adoptado por maioría absoluta e ao amparo do disposto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Propón ao Pleno

**PRIMEIRO:** Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/ 2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sostenibilidade de Administración Local (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013) de acordo ao texto que se adxunta, segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

**SEGUNDO:** A tal efecto, solicitar Ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no art. 75 ter da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administración Pública, a petición da entidade local de maior poboación (art. 48 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), así como outorgar a dita entidade a delegación necesaria.

**TERCEIRO:** Facultar e encomendar á Alcaldesa Dona María Loureiro García para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito se requira a favor da Procuradora Dona Virginia Aragón Segura. Col nº 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Viveiro (Lugo), de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013 (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013) de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local seguíndoo por todos os trámites e instancias ata obter sentenza firme e a súa execución.

Seguidamente, aberto o turno de intervencións, prodúcese:

En primeiro lugar a do Voceiro do PP., Don José Antonio Bouza Roil, quen manifesta que tras 35 anos da aprobación da lei reguladora das bases de réxime local, dende o PP consideramos necesaria unha actualización da normativa local que se levou a cabo a través da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local. E como a consideramos unha lei necesaria, a Xunta e a Fegamp fixeron alegacións e suxecións para acadar un texto final mellorado, consensuado e que serve para a modernización das administracións públicas.

Tamén somos conscientes de que esta reforma e actualización quedou incompleta ao non recollese todas as alegacións que trasladou a Fegamp e que foron aprobadas por unanimidade polos alcaldes galegos.

Esta Lei establece o marco da reforma local e a Xunta non o vai incumprir, pero sempre dentro do marco estatal, solicitamos ao goberno galego que aborde unha reforma da normativa autonómica que permita desenvolver ese marco e adaptalo á realidade de Galicia e ás súas particularidades e especificidades, corrixindo e mellorando aqueles aspectos nos que consideramos que hai marxe de mellora, Por eso non estamos de acordo con este conflito.

A Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local forma parte dun conxunto de actuacións incluídas no Plan Nacional de Reformas e ven a dar resposta á necesidade de actualizar o marco normativo do réxime local e de acadar unha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos locais. Neste sentido, coincidimos cos principais obxectivos da Lei :

Clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras administracións.



Racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local de acordo cos principios de eficiencia e equilibrio financeiro.

Garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso.

Ademais esta lei ten aspectos positivos para o municipalismo galego:

-Permite a cesión dos gastos derivados das competencias educativas e sanitaria ás Comunidades Autónomas, unha reivindicación histórica do municipalismo galego.

-Delimita as competencias das deputacións provinciais, atribuíndolles principalmente a asistencia aos concellos con menores recursos para a prestación da súa carteira básica de servizos.

-Pon fin á cofinanciación de competencias autonómicas desde o ámbito local, xa que os servizos que se deleguen aos concellos levarán parella o 100% do financiamento para poder ser asumidos.

-Homoxeiniza os salarios dos electos municipais en función de tramos de poboación, poñendo fin a discrecionalidades e debates sociais estériles.

-Fomenta as fusións municipais voluntarias, incorporando mecanismos para mellorar o financiamento local a aqueles concellos que dean este paso.

-Fortalece os controis internos e externos na xestión pública a través da figura do interventor.

-Blinda as competencias dos concellos, permitíndolles prestar servizos que non sexan nin propios nin delegados baixo a única condición de non poñer en risco a estabilidade presupuestaria do concello.

Sen embargo, hai aspectos que consideramos que deben ser abordados na reforma da lei de administración local de Galicia, tendo as aportacións que lle sexan plantexadas polo Fegamp, como pode ser:

-Recoñecer un maior nivel competencial aos concellos galegos.

-Un maior recoñecemento do papel que pode desenvolver a Xunta de Galicia en materia de asistencia e cooperación cos concellos.

Polo tanto, o Grupo Municipal Popular cremos que a reforma da lei de administración local de Galicia é o marco axeitado para a mellora e a adaptación á realidade de Galicia da lei de racionalización e sostenibilidade da administración local. Polo tanto, non imos sumarnos a un conflito en defensa da autonomía local plantexado dende a sede madrileña de Ferraz, que non ten en conta as especificidades e peculiaridades de Galicia. O noso posicionamento e solicitar a Xunta que reforme a normativa autonómica e teña en conta as propostas do municipalismo galego.

Polo que presentamos a seguinte emenda transaccional: “ Instar a Xunta de Galicia, dentro do marco previsto no Estatuto de Autonomía, a reformar a Lei de Administración Local de Galicia coa finalidade de adaptar a Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local á realidade de Galicia e as súas particularidades e especificidades, e tendo en conta as propostas que se lle sexan formuladas dende a FEGAMP.”

De non ser aceptada esta emenda transaccional, o noso grupo municipal do Partido Popular vai votar en contra.

Pola Señora Alcadesa, contéstaselle ao Voceiro do Grupo Popular que non vai admitir ningunha emenda a súa proposta que presenta ao Pleno.

Seguidamente, Intervén o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo, para dicir que non entende que hai que instar á Xunta de Galicia a modificar a Lei Galega...Pensa que terá que modificarse, primeiro, a Lei Estatal.. A continuación procede e continuar coa súa intervención para dicir que o seu grupo do BNG está da cordo cos tres puntos da proposta da Alcaldía, pero solicita que se engada un punto máis e ven en desenrolar o seu argumentario no senso seguinte: “



Dí que a Constitución do 78 asume un modelo de organización territorial e institucional dos entes locais, que foron deseñado a principios de século dezanove, tantos nos seus orixenes como na súa evolución posterior, e a organización territorial local responde a unha medida de presión totalmente centralista do exercicio de poder, que é incompatible cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición de competencias entre o Estado Español e as Comunidades Autónomas dotadas cunha autonomía política e administrativa como é a Galega.

Continúa dicindo que o novo esquema de organización territorial con base nas Comunidades Autonomas constituídas oviou o debate sobre a actividade de organización provincial e da Deputación como son Institucións representativas na maioría do territorio do Estado Español desde a súa perspectiva, da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa; así como da súa adaptación á realidade de cada territorio.

O desenvolvemento legal do réximen xurídico local considera un modelo provincial casi practicamente uniforme que, non ten, encaixe coas deputacions galegas, e en moitas ocasións, duplicou duplicidades e deficiencias na actuación administrativa. A persistencia do modelo provincial nas súas circunstancias de restricción de recursos económicos para atender servizos sociais básicos. Tamen incide negativamente nunha utilización mais racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas, cuxa acción apenas repercute na cidadanía, e que os concellos coas administracións mais próximas e responsables a hora de atender directamente os servizos básicos locais, afrontan, cada vez mais, dificultades económicas para sostelos.

A reforma local, aprobada recentemente, reforma este modelo centralista e provincialista, asentado nas deputacions e coas políticas deseñadas polo Goberno Central desde Madrid. Xa que no campo de acometer a fondo a revisión destas institucións provinciais, atribúllelles mais competencias para consolidar unha unidade administrativa de todo o Estado Español. Deste xeito, vólvese a impedir que dende Galicia se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa estrutural local galego propio.

A reforma Local tamén supón un paso máis a hora de homologar a acción política no eido local e supeditar ao Goberno Central, xa que anula as políticas do Concellos para implantar políticas autónomas, a restrinxir capacidades sobre moitos ámbitos locais, a reforma da institución a través das Deputacións. En definitiva a ser políticas executoras de forzas a favor das comunidades autónomas. A ser de políticas planificadas desde o Goberno Central. Nestes momentos opoñémonos á reforma local, pois supón que se recollera na Constitución aínda ser un modelo centralistas suspendido pola vía regular da lexislación básica e límites cada vez mais exiguos nas políticas básicas aos Concellos, e por iso vamos apoiar, con punto ou sen punto, a proposta do partido socialista, e vamos engadir outro punto cuarto, que se debería facer unha reforma constitucional de cara a, e dende o punto de Vista do Grupo do BNG, “eliminar as Deputacións provinciais, que son entes que, ao longo dos anos, sobre todo, neste país, deron en sí lugar ao caciquismo continuado.

Intervén seguidamente a Señora Alcaldesa, para responderlle que na súa proposta non vai admitir nin engadir ningún punto mais.

Intervén o Voceiro do IVI, Don Guillermo Leal Arias, para indicar que en canto a todo o que se espuxo neste pleno, e en base a esta Lei centralizada, haberá que falar cos afectados, xa que hai que ter en conta a opinión dos veciños e dos alcaldes. Aínda que os primeiros que saliron a protestar, precisamente, por que lles afectaba esta Lei, foron os Alcaldes do Partido Popular. Estes Alcaldes centráronse basicamente nun punto, que eran os salarios, pero bueno, non lles gustaba esta Lei.....E digo que dunha Lei de Administración Local o mais importante é que hai que ter en conta aos veciños e buscar as solucións que se lles van dar aos veciños e aos asuntos da vecindade, pero o que se pretende con esta Lei e desplazar a figura dos Concellos para que os veciños teñan menos facilidades para poder resolver os problemas.

Dí que con esta Lei, cada vez, liamos mais as solucións para os cidadáns, pero esto pasa con todo, xa que ultimamente temos temas, que nos aparecen agora, como é o tema do aborto ou o tema do Hospital da Costa, centralizando todo, e dando menos servizos aos cidadáns, pero esto no no está decindo ningún partido político, estáse a dicir polos profesionais do Hospital da Costa, aproximadamente un 90% dos médicos do hospital. Isto, o que pensamos, é que é outra vez mais unha perogullada do Partido Popular.

Dí tamén que non se sabe por qué se tocan os temas sin tón nin són, que non van nin veñen, lexislandos por lexislar, o mellor, é para ter ocupados a algunhos en Madrid...., e o que fan é que veñen e volven a sacan unhas Leis, sin consultar aos que teñen que consultar, e aos responsables finais que son os Concellos, porque o lóxico é que primeiro se faiga e se tome opinión dos Alcaldes e se diga cómo queremos xestionar os nosos Concellos para darlle mellor



servizos aos cidadáns, e a parti do que nos digan, eses alcaldes, facer unha Lei. Continúa dicindo que aquí, primeiro, faise a Lei, e despois, pregúntaselle aos Alcaldes, e loxicamente, os veciños non importan.

Intervén novamente a Señora Alcaldesa, para dicir que hai servizos que non se están xestionando por parte da Xunta como é o “Mantemento dos Colexios” e non sabe que vai pasar cando teñan que xestionar todo o que pón esta Lei, xa que quitan competencias aos Concellos. Remata dicindo que se está a pensa que se vai seguir coma ata agora.

Seguidamente e rematado o debate e non habendo máis intervencións, procédese á votación da proposta da Alcaldía que co voto favorable de dez membros presentes na sesión, dos dezasete (17) que legalmente a compoñen, o que representa a maioría absoluta do número legal de membros da mesma, así como catro votos en contra, adoptoú, entre outros, os seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/ 2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sostenibilidade de Administración Local (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013) de acordo ao texto que se adxunta, segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

**SEGUNDO:** A tal efecto, solicitar Ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no art. 75 ter da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administración Pública, a petición da entidade local de maior poboación (art. 48 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), así como outorgar a dita entidade a delegación necesaria.

**TERCEIRO:** Facultar e encomendar á Alcaldesa Dona María Loureiro García para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como

en dereito se requira a favor da Procuradora Dona Virginia Aragón Segura. Col nº 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Viveiro (Lugo), de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013 (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013) de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local seguindo por todos os trámites e instancias ata obter sentenza firme e a súa execución.

E non habendo mais asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as quince horas do día con que se encabeza esta Acta, estendéndose de todo o tratado, por quintuplicado exemplar, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.

Vº Bº

A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCIDENTAL.